

*Vaia tropa!* é un xogo poético do sen sentido, do lúdico que ten o absurdo, plasmado en pequenos poemas de formas diversas acompañados das singulares ilustracións de M<sup>a</sup> Reyes Guijarro (Sevilla, 1975). É un poemario que Antón Cortizas (Ferrol, 1954) pensou con acerto para os nenos, para que estes interactúen e collan o libro, para que o lean ou o canten, para que lle dean voltas e lean do revés, en vertical ou caligramas ao tempo que descubren, grazas ao espello que achega o propio libro, o que agochan as súas ilustracións anamórficas. É entón un xogo para ler poemas rimados de ritmo e musicalidade moi



# Xogo poético

## Humor fundamental

PAULA FERNÁNDEZ

marcados.

Son setenta poemas inspirados nos limericks irlandeses, con variacións formais e temáticas que amosan o estilo do autor. A maioría son de cinco versos e veñen precedidos dun prólogo en verso que xa adianta o que vai chegar e cal é o seu obxectivo. Preséntanse nese prólogo as peculiaridades dos extravagantes protagonistas deses

poemas que queren acadar que a xente lea poesía, unha manía do autor, son personaxes tolos e raros que navegan pola xeografía galega, ou pola estranxeira, deixando imaxes fantásticas e situacións moi divertidas.

Aínda que o humor é fundamental, cómpre salientar o segundo nivel de lectura, pois alén do xogo están Galicia –o país das merendas– e a lingua. Por esta banda é un libro maduro, non desbota o social dentro desa atmosfera lúdica e respecta a quen le, un lector que o autor sabe cualificado para entender as metáforas e todo o que dá a poesía.

*CORTIZAS, Antón, Vaia tropa! (Ilustr. Reyes Guijarro), Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP.12, 50 €*